

Problemas que non son de matemáticas

Obxectivos*

1. **Abordar a resolución** de conflitos a partir de situacións próximas ao alumnado.
2. **Identificar** os sentimentos que xeran a guerra e a paz.

Esquema de actividades*

1. **Conflito na escola** (Ambos os ciclos)
2. **Un camiño estreito** (Ambos os ciclos)
3. **A guerra e a paz** (Segundo Ciclo de primaria)
4. **Conclusións** (Ambos os ciclos)

Desenvolvemento das actividades e orientacións didácticas*

1. Conflito na escola

O profesor ou profesora introducirá a actividade comentando que os conflitos fan parte da vida e que, en determinadas ocasións, poden conducir á violencia. Por iso, para mellorar a convivencia e previr a violencia escolar, é fundamental resolver os conflitos de forma construtiva (pensando, escoitando, dialogando, negociando, etc.).

Entre toda a aula, procederase á lectura das historias. Despois, entre todos e todas ou divididos en pequenos grupos, analizaranse as seguintes situacións e forneceranse solucións para cada unha das historias, quer por escrito ou con debuxos:

- Pareceche correcta a actuación de cada personaxe?
- Por que actuaron así?
- Como resolverías cada caso?

A continuación, poden pintarse as ilustracións que as representan.

Ultimamente, no patio da escola están a ter lugar algúns problemas durante a hora do recreo. Está a haber pelexas entre nenos e nenas. Un grupo de nenos ocupa case todo o patio para xogar ao fútbol e non deixa sitio para que as nenas xoguen. Estas queren ter máis espazo e comezaron a meterse no medio dos partidos. Os nenos responderon expulsándoos do campo aos empurróns.

Carla convidou un grupo de nenos e nenas da súa aula á súa festa de aniversario. Ao día seguinte, Marta, unha compañeira que non foi convidada, empurra adrede a Carla no recreo ao pasar xunta a ela. Carla devólvelle o empurrón e, a partir de aí, comeza unha disputa entre ambas.

Os alumnos e alumnas presentarán a toda a aula as solucións que pensaron. Primeiro, os debuxos; despois, o escrito. Hai que tentar que todos e todas se sintan valorados nas súas contribucións. Unha vez finalizada a exposición dos grupos, realizaranse as seguintes preguntas:

- a. Sucede algo parecido na nosa escola ou colexio?
- b. Que conflitos teñen lugar no centro?
- c. Como os resolvemos?
- d. Como me sinto cando hai un conflito? E cando o soluciono?

Convidarase os alumnos a proporen casos parecidos e comentaren e formularen as solucións. Neste punto, o profesor ou profesora comentará a importancia do diálogo e da procura de solucións que satisfagan todas as partes, como forma para resolver os conflitos.

2. Un camiño estreito

A idea que se quere transmitir con esta dinámica é que moitos conflitos tardan en solucionarse porque non se sabe como facelo.

O diálogo, a escoita activa e o dar importancia ás opinións de todos e todas é a base para unha boa resolución.

Desenvolvemento da dinámica

Esta actividade consiste en colocar unha fita de papel de embalar de aproximadamente 5 ou 6 metros de longo por 15 cm. de largo no piso da aula. A aula divídese en dous grupos que se sitúan a ambos os lados da fita. O obxectivo dos dous grupos será o de pasar sobre a fita, para o outro extremo, o máis rápido posible sen pisar fóra do papel. O neno ou a nena que pise fóra (aínda que só sexa coa punta do zapato) é eliminado ou morto, xa que a fita de papel simboliza o único camiño no medio dunha zona pantanosa. Como é probable que moitos nenos e nenas sexan eliminados na primeira tentativa, repetiremos a actividade (unha ou dúas veces, non máis), explicándolles que teñen que pensar solucións para que poidan pasar todos.

Trátase de ver como actúan, como conseguen pasar (negociando, á forza, con violencia, etc.).

Algunhas ideas para o debate posterior á dinámica:

- Como vos sentistes durante o xogo?
- Que credes que nos quer dar a entender?
- Como actuamos nun primeiro momento? Por que?
- É a nosa forma normal de actuar perante os conflitos? Por que?

3. A guerra e a paz

Con esta actividade, preténdese que o alumnado transmita a través de debuxos o que lles suxire a guerra e a paz. Igualmente, traballarase as ideas previas que o alumnado ten en torno dos referidos conceptos.

Para relacionar esta actividade coa anterior, explicarase aos nenos e nenas que a guerra é outro tipo de conflito que xera moito sufrimento e dor. En moitos lugares do mundo, as guerras non son parte dun filme ou duns deseños animados. É o que ven e viven diariamente moitos nenos e nenas, e moitas persoas adultas.

Desenvolvemento da dinámica

Decórase a aula recreando un ambiente que simule un e outro concepto a través de fotos, recortes de revistas, etc. A continuación, realízanse as seguintes preguntas:

- Que sentimentos vos provoca a guerra? E a paz?
- Que imaxes son máis fáciles de representar: as de paz ou as de violencia? Por que?

4. Conclusións

Realizarase un mural con todos os debuxos, solucións e conclusións das actividades que se levaron a cabo, e colocarse na aula ou noutro espazo do centro.

O profesor ou profesora pode concluír con ideas como as seguintes:

- Moitas veces, as situacións de violencia que se dan no noso centro, na sociedade e no mundo complícanse porque non sabemos solucionar os conflitos de maneira dialogada e construtiva, sen recorrer á violencia.
- Por iso, é bo lembrar que “o respecto para co outro é a base de todas as relacións persoais”. Non haberá paz se non respectamos os demais.

Ultimamente, no patio da escola están a ter lugar algúns problemas durante a hora do recreo. Está a haber pelexas entre nenos e nenas. Un grupo de nenos ocupa case todo o patio para xogar ao fútbol e non deixa sitio para que as nenas xoguen. Estas queren ter máis espazo e comezaron a meterse no medio dos partidos. Os nenos responderon expulsándoas do campo aos empurróns.



Carla convidou un grupo de nenos e nenas da súa aula á súa festa de aniversario. Ao día seguinte, Marta, unha compañeira que non foi convidada, empurra adrede a Carla no recreo ao pasar xunta a ela. Carla devólvelle o empurrón e, a partir de aí, comeza unha disputa entre ambas.

